

Texto: **PABLO ALBO**

Ilustracións: **PABLO AULADELL**

Tradución: **CARLOS ACEVEDO**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

48 páxinas. Ilustracións en color

Dispoñible en:

-Galego: "Dióxenes". Sete Leguas. ISBN 978-84-8464-732-4

-Castelán: "Diógenes". Siete Leguas. ISBN 978-84-92608-28-7


-Portugués: "Diógenes". Sete Léguas. ISBN 978-989-8205-38-4

Prezo: 13 €

DIÓXENES

PREMIO LAZARILLO 2008 DE CREACIÓN LITERARIA

**Dióxenes ten un afección: coleccionar cousas. Que cousas? De todo tipo. Atópaas, recólleas e lévaas para a casa. Sucede que Dióxenes vive cos seus pais, a súa irmá, o seu irmán pequeno e os seus avós, e todos eles coleccionan cousas: todo tipo de cousas. Non vos podeades imaxinar o chea que está aquela casa. Por se iso fose pouco, Dióxenes ten un tío solteiro que tamén é coleccionista, e con frecuencia ven de visita coa súa colección de...
... cartas de amor.**



"Dióxenes" é unha micronovela exenta de pedagogía e boas intencións, feita de anaquiños que se entrelazan, se mesturan e, entre humor absurdo e afecto, levan o lector a un tráxico final. O protagonista fala da familia e das súas peculiares afeccións. O costume do *acopio*, como o chama seu pai. Os avós coñecéronse recollendo charcos os días de chuvia; a irmá maior acumula obxectos inservibles; o irmán pequeno, calquera cousa que se poda contar; os pais, calquera cousa que poida contar o irmán pequeno; o tío carteiro colecciona cartas de amor; Dióxenes, de todo: un submarino, unha duna, un bosque de eucaliptos, cincuenta e sete boías coas súas correspondentes campás...

Un tenro achegamento ao síndrome de Dióxenes, con ilustracións que combinan elementos reais e imaxinarios, aderezadas con pincladas de cor.

PABLO ALBO (Alicante, 1971)

Diplomado en Traballo Social pola Universidade de Alicante, profesión que non chegou a exercer para adicarse á literatura e á narración oral. Participou nos principais festivais de narración oral que se celebran en España. Gañou en 2003 o primeiro premio do III Certame Internacional de Álbum Infantil Ilustrado Cidade de Alicante e en 2008 o

- **Temática:** historia sobre a enfermidade de Dióxenes
- **Idade recomendada:** dende 10 anos
- **Aspectos destacables:** do autor de "Melena" (FAKTORÍA K) e do ilustrador de "A casa de chocolate" (KALANDRAKA)

Premio Villa d'Ibi e o Premio Lazarillo. Publicou artigos sobre narración oral en revistas especializadas como 'Ñaque. Teatro, expresión, educación'. Na súa faceta como narrador recibiu o primeiro premio da VI Mostra Maratón de Monólogos 'Solo ante el peligro'. Colabora en programas radiofónicos recomendando libros infantís. Reside entre o seu Alicante natal e o seu Albacete de adopción. É autor, entre outros libros, de "Melena", editado por FAKTORÍA K.

PABLO AULADELL (Alicante, 1972)

Posúe unha ampla traxectoria artística, malia que a súa formación é fundamentalmente autodidacta. Colaborou con varias editoriais, como SinSentido, Edicions de Ponent, Anaya, Edelvives, La Joie de Lire e Orecchio Acerbo. Entre os galardóns que recibiu destacan o Premio ao Autor Revelación no Salón do Cómic de Barcelona (2006), o Premio Internacional de Álbum Infantil Ilustrado Cidade de Alicante (2003) e o Premio Nacional de Cómic do Instituto da Xuventude Injuve (2000). En 2005 tamén foi finalista do Premio Nacional de Ilustración. A súa obra expúxose en Madrid e Barcelona; foi seleccionado para representar a España na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Ilustrou "A casa de chocolate", en KALANDRAKA.

